

monografico

COYDAMOS...


VOCERO DOS QUE NON CALAMOS

17 de maio.

dia das letras galegas

MANOEL
ANTON

Ondante



CONTIDO:

Colaboraron cos seus artigos:

- X. A. Míguez.....Cadeirádigo do Instituto de Betanzos.
Siro.....Dibuxante. Humorista.
Manoel Espiña.....Escritor, crego. Loitador - por unha eirexa galega.
Ramón López.....Cadeirádigo de filosofía no Instituto de Vilagarcía de Arousa.
García-Sabell.....Presidente da Real Academia Gallega. Ensaísta.
Manoel María.....Escritor. Poeta.
Andrade.....Dibuxante de COIDAMOS...

Todas estas personalidades do noso "povo", e outros que non poideron mandar a súa colaboura, son ouxeto do noso agradecemento.

COIDAMOS...

Traballamos:

ANDRADE
COUCEIRO
DANIEL
FERNANDA
ISAURO
MOSQUERA
NAVEIRA
NINO
PACO
ROSANA
YOLANDA

Adicado ó neno galego, futuro dun pobo que nunca morrerá. Porque un pobo sin nenos nunca terá mañán.

Editorial

Cada 17 de Maio, dende 1963, veuse a celebrar o Día das Letras Galegas. Cada ano, tamén, a Academia Galega adica o - Día a un literato gallego - este ano ó poeta rianxeiro Manoel-Antonio.

Mais ¿somenteś ten eso senso o 17 de Maio? ¿Somenteś - unha lembranza? Cavilamos que non. Non podemos limitarnos a unha simple lembranza do persoero de turno. Somos galegos, e como tales vemos que a nosa lingua sigue estando asoballada polo idioma de Castela; vemos que primeira e meirande selectividade é a que sofre o estudantado galego ó non poder empregar o seu idioma e o falarlle de cousas alleas ó seu medio; vemos que a pesares do que din da igoaldade de oportunidades, un galego non pode usar a súa lingua en tódolos eidos da súa vida. Vemos, tamén, as barbaridades que se fixeron e fan cos topónimos de rúas, cidades, vilas, pobos, parroquias e lugares, da Galiza.

Somos galegos; e todos, mestres, alumnos, obreiros, labregos, mariñeiros, tódolos galegos temos que loitar polo uso oficial da nosa lingua, por un ensino galego, polo noso cultura no xeral. Por que a lingua é a meirande expresión dunha cultura, e a nosa cultura é unha carauterística que diferencianos como pobo cuns carauteríes propios.

Mais ¿cómo facer esa loita? Non con paos nin coa lembranza un día ó ano de que o idioma galego existe e que nel escribiu algunha xente; a nosa loita ten que estar no noso traballo cotidián, nunha laboura de 365 días; laboura por falal e escribir na nosa lingua, laboura polo estudo do noso País, laboura, en fin, por Galiza.

Hoxe, o voceiro COIDAMOS..., xúnguese ós labregos e obreiros, ós mariñeiros i estudiantes, a todos aqueles que lonxe da Terra sofren, chorán, berran, aman, xogan, cavilan, falan e arelan en galego. Hoxe, COIDAMOS... xúnguese ós actos que celebranse ó longo e ó ancho da nación e onde queira que haxa un bó galego, un dos "bós e xencrosos", que diría Pondal.

Pra rematar vaia o noso agradecemento a todos aqueles persoeiros da cultura galega que mandáronnos a súa colaboración, e tamén a aqueles que por unhas ou outras razóns non na poden mandar.

COIDAMOS...



Siro

LEMBRANZA

Por Xosé A. Miguez.

Nesta data do 17 de maio - festa das letras galegas adiada este ano ó poeta Manoel Antonio-, permitideme que chame a atención dos rapaces betanceiros sobre a figura dun devanceiro que é, como di moi ben Francisco Fernández del Riego, unha referencia obriga da para entender a historia galega, accidentada e vibrandoira, que decorre ó longo dos primeiros anos coarenta do século dezanove.

Outros escribirán cíquí do poeta Manoel Antonio. E o fan sen dúbida co debido conmemoramento e coa máxima autoridade. Eu, neste intre, sintome empuxado á lembranza, ó recor do dun home como Antolín Faraldo, betanceiro e fillo de Betanceiros, que personifica e simboliza co seu pensamento idealista, o antecedente da lóita ideolóxica galega arredor da revolución de 1846.

Penso que Coidamos, periódico de rapaces betanceiros, débelle tamén esta lembranza a un dos homes de Betanzos que máis enalteceu co seu nome a vella historia desta cidade. Débelle con xusticia e xenerosidade, como betanceiro esgrevio que foi; e débella, por riba de todo, porque Antolín Faraldo fixo ás súas armas literarias naquela escola de galleguidade que foran os periódicos do tempo, outros tantos voceiros daquelas quedanzas anovadoras, culturais e políticas, cas que pretendérase remexer, e tornar á vida, o espírito adormecido e abofellado da Galicia.

Non é moi axeitada a idea de Murguía de que Antolín Faraldo era só un home político. É más certo, outrora, o que di del Fernández del Riego que Faraldo foi escritor, un bó xornalista, que se preocupou polos temas de actualidade distinguíndose por poner a súa pluma ó servizo dunha ideología política. Quérase decir en tón que a súa vida foi maiormente unha vida comprometida.



Antolín Faraldo

E o compromiso escomenzou e manifestouse cedo. Compromiso ca tarefa romántica, liberadora, de fecer de Galicia unha nación moderna, proyectada científicamente e culturalmente no estudo profundo dos seus problemas. Os periódicos daquel tempo como "El Idólatra de Galicia" i "El Recreo Compostelano" espallaron os traballos

históricos e sociolóxicos de Faraldo, nos que xa lateñaba; ben que con pouca maturidade, un trasfondo de meditación sobre o home galego e a liberación da súa terra.

Fálase dun "espíritu provincial" na xeneración atormentada de Faraldo. Mesmamente, non tiñan todos, nin o betanceiro Antolín Faraldo, a experiencia artelladora que a temperase á realidade as novas ideas. "Todo por Galicia, todo para Galicia", viña a ser a aspiración de Faraldo e a daqueles "provincialistas" de mediados de século. As soluciones, porén, ficaban ainda moi lonxe da realidade porque a Galicia soñada por Faraldo era quizás unha Galicia inédita, imaxinada no pensamento puro e altruista dos homes da súa xeneración. Movíaos a todos a puxanza dos tesouros naturais que, como di Antolín Faraldo, viñan perdéndose "no insondable abiso do isolamento".

Coido que un "voceiro" de Betanzos -un "voceiro" feito por rapaces que tamén deben ollar a historia próxima- fará moi ben en recordar a vida dun betanceiro como Antolín Faraldo. Que foi, endebén, un arrisgado e entusiasta xornalista, un home que, entre outras cousas, proclamaba a libertade sen trabas no campo da literatura, un xeneroso artífice de vieiros novos, de esperanzas non esquenidas, dilatadas no tempo, e ás que hoxe xa non é doadoo considerar somentes como ilusións románticas non viables.

Esta lembranza de Antolín Faraldo, no día grande das letras galegas, quisera levar ós mozos de Betanzos unha teima ilusionada polo conxunto da súa obra, literaria e ideolóxica. O futuro está nas mans destes rapaces se acertan a transformar con fe, pragmáticamente ás formulación idealistas dos homes más puros do pasado.



UN POETA RENOVADOR E

UN LOITADOR GALEGO.

O feito de que iste rianxeiro, MANOEL ANTONIO PEREZ - SANCHEZ; nado no 1900 e morto no 1930, publicase aos 22 anos, xunto co pintor Alvaro Cebreiro, un Manifesto no que expresaban "unha protesta forte, dura e implacable contra os vellos", non foi producto da casualidade ou dunha arroutada xuvenil. Foi o resultado dunha decisión moi meditada de romper cos vellos e anacrónicos canles poéticos e artísticos, para incorporarse ás novas correntes europeas.

En concreto, Manoel Antonio incorpórase ao Creacionismo, doctrina poética que proclama a total autonomía do poema, que non tén que imitar ou reflexar á natureza nas súas apariencias, senón nas súas leis biolóxicas e constitución orgánica.

O iniciador dista doctrina foi o poeta chileno Vicente Huidobro, que marchou a París no 1916 e no 1924 fundou ali a revista *Création*, na que empuxa esa postura de romper con toda tradición poética e de amostrar que a poesía tén que ser creación absoluta. Huidobro tamén formulou as súas teorías estéticas no seu libro "Manifiestos" (Manifiestos, 1925), tres anos despóis do Manifesto de Manoel António e de Cebreiro.

Ademais dista clara influencia de Huidobro, sen dúbida tamén recibiu bastante influxo do poeta castelán Gerardo Diego (nado en Santander en 1896), principal iniciador do movemento creacionista en España. Non é estrano que na súa biblioteca atopemos obras distes doux grandes poetas, que poderíamos chamar os pais do Creacionismo, anque G. Diego cultive tamén o camiño tradicional. Non esquenzamos que é un dos poetas más fecundos da chamada Xeneración do 1927

Acabo de citar a biblioteca de Manoel Antonio. Facer unha completa relación da mesma encheríanos moitas follas. Así era de importante. Podemos decir que era admirábel nun xoven de poucos anos. Nala atopamos, ademais dos mellores literatos ingleses e franceses, que lia nas súas propias lingoas, o principal, o principal da literatura castelá e casi todo o da galega. E máis casi tódalas revistas literarias distes países.

Pro, deixando os saus libros, que nos demostran que a súa cultura era máis que mediana, veñamos á súa persoá, que ainda é máis completa. Manoel-Antonio era, por esencia poeta. Non podía ser outra cosa. E non deixou de cumplir o seu destino. Pero,

o curioso é que iste poeta -
esencial estaba dobrado por -
un home de acción, por un or-
ganizador, por un rebelde, -
por un portestatario activo -
como nos demonstra o que me-
llor o estudou, que é o Dr. -
García-Sabell. Era, pois, ho-
me de compromiso. E, ao tem-
po, poeta libre, poeta libé-
rrimo. Quero decir, poeta sin
ataduras.

Convén, pois, non cair en
dúas facilidades. Unha, a da
imaxe dun Manoel-Antonio nave-
gante nun veleiro romántico á
compoñer fermosos poemas van-
guardistas. Outra, a do pa-
triota ardente i activo que
leva aos versos as consñas
do seu patriotismo. Non, Ma-
noel-Antonio é un patriota
auténtico i é un poeta autén-
tico. O que cingue ás dúas
instancias é a rectitude mo-
ral. Rectitude na conducta. -
Rectitude na creación. Con ac-
ertos ou con trabucamentos,
como compre a un varón honesto.
Veleiquí a máisima lec-
ción existencial do mozo rian-
xeiro. A da súa pureza como
home e a da súa pureza como
poeta.

Así, foi un gran traballa-
dor ca cachola escritos nume-
rosos, estudos constantes e
un gran traballador no senso
máis cinguidío da palabra. Ele
baldeou unha i outra volta as
cubertas dos barcos, ele tu-
rróu díá e ncite das redes
atéigadas de peixe, ele carre-
gó ás costas moitas sacas de
correo, moitos pacotes de di-
versas mercancías, a pesares
de ter a carreira de Náutica
e dise xeito gañou pouco, pa-
sou privacións vergonzantes,-
andivo con anguria apresada -

na percura de colocación e, -
nembargantes, apenas tivo unha
mención irónica pra as súas me-
nesterosidades. Veleiquí un ho-
me que adocceu gravemente e se
non laiou deixa que xa non
puido máis. Un home, en fin, -
que entremedias de tudo isto,
ainda tivo azos pra escribir -
a uns e a outros, pra animar a
todos, sin escomulgar a nin-
guén. Salvo, claro está, aos
parvos, aos inmoráis, ou aos
vaidosos, como algúns profesores
do Instituto de Santiago.

Manoel-Antonio, ademáis do
seu inmenso amor a Galicia, -
que lle daba forzas, ainda na
súa gráve doença, era o colmo
da sinceridade. Na vida e na
obra. De ahí que siga esperan-
do á xente e que a obrigue a
agardar "como unha resposta".
E de ahí que a súa voz xa nos
pareza "como unha resposta".
Porque era unha voz seria e
honesta. A cate de voz que te-
ñen que entender todos los bós
e xenerosos.

Temos, pois, que agradecer-
lle á Real Academia Galega,
que nos escollera iste ano
co-gallo do Día das Letras
Gallegas- a iste noso gran poe-
ta é gran loitador, pra facer-
lle o debido homenaxe e, sobor
de todo, para que respostemos
á súa chamada. !Bó exemplo, es-
pecialmente, prós nosos xóve-
nes estudantes e obreiros!

Manoel Espiña.

A Cultura é Cultivo

A cultura é unha transformación do medio; toda persoa que faga algún tipo de transformación é un ser cultural. Por esto cando alguien chama inculto a un agricultor, porque non sabe a política de casamentos dos reis Católicos poñíamos por caso, reflexa que non sabe nin o que é a cultura nin moito menos a quén lle podemos chamar culto e a quén inculto. Toda persoa ten unha cultura que pode ser engadida cos conocementos de outra cultura. Polo menos non todos temos a mesma, nin podemos chamarlles incultos a aquellas non puideron adprehender dos libros o que neles teñen contado os homes "cultos" de cada intre.

Que o galego ten unha cultura propia que reflexa o seu xeito de ser é cousa dabondo crara. Entre os seus monumentos culturais quén pode negar a grandiosidade do seu idioma, as suas obras de arte dos cruzeiros e mais das fontes, dos cimenterios e mais das ciras; a sua literatura novelística e lírica; a sua Psicoloxía amósase nídia nas manifestacións do lirismo cheas de soi dade. O Panteísmo coma unión orixinal cos outros e co medio formando unha unidade indestructibel ten mais senso do que unha ollada lixeira podería reflexar. Cando un emigrante galego esixé, en caso de morrer lonxe da terra que veñan enterralo á sua parro-

quia, anque con elo gasten boa parte dos aforros, está algo máis que un sentimento romántico, ou unha tontería de xente de aldeia. Lingua, Soidade e Panteísmo son, xunto coa mal entendida retranca, formas propias do galego de estar e vivir a sua vida. Vivir e facerse dentro do medio, transformalo pra voltalo mais proveitoso son as formas de facer cultura, de cultivar o medio e ó home que nel vive; chamarlle a unha cultura rústica porque ten orixen campesiño, científica porque non a empregan os que manexan os libros, é ignorar a función da cultura e o senso da mesma. Pro, ainda mais, o que se pecha ao medio no que ten que vivir e fuxe del, por moitos libros que cofieza, é o que realmente podemos chamar inculto, porque a sua laboura non se dedica a cultivar o medio senón a rexeitalo ou polo menos ignoralo.

Fuxe do medio galego o que non coñece a sua cultura a sua arte, historia ou economía. Fuxe tamén o que vive á sua problemática económica e social de maneira universal e uniformista tentando negar a particularidade de cada problema, fuximos os que educamos dende culturas alleas e non dende a nosa propia. Querer separarse do medio no que temos que vivir, é poñer a primeira pedra pra que a


cultura deixe de ser cultivo e se convirta en medio de xurdimento de productos silvestres, alleos ao home que os cultiva é o medio no que se cultivan.

Dende o momento no que partamos do medio coma realidade que hai que transformar, estamoslle pedindo a cultura un imposibél: O de querer e non poder.

Isto lemanos a ver a cultura non soio coma cultivo senon tamen coma xusticia. Roubarlle ao medio o que lle corresponde, non velo como en si mesmo é, é unha maneira mais, inque non sexa castigada polos xueces, de roubar e deuitarlle a alguien o que lexitimamente lle corresponde.

Facer da cultura cultivo e - deste xusticia é a forma de ser culto na nosa Galicia.

J. Ramón López Vazquez



MANUEL ANTÓNIO: AUSÉNCIA PRESENTE.

Síntesis do prologo de Domingo García Sabell o Pábro POESIAS de Manuel Antonio feito por Anxo Nuñez Sobrino.

Hai moitos anos fixen amistade con un fato de rapaces que marcou pra sempre a miña vida. Ista xente, inqueda, culta, independente, aborta e cordial, era a que constituía na nosa terra unha parte importante da concencia de continuidade dos maiores -Castelao, Risco, Otero Pedrayo, Cuevillas, etc. etc.-. A continuidade no amovemento. O respeto e o máis alá. En suma, a vixencia xeneracional dunhas arelas e -- dunha cultura.

De entre eles, intrigábame moito Manoel-Antonio. Calado entrevisto, cos ollos moi abertos e o sorriso contido, algo había nele que inspiraba confianza e afecto. Semellaba moi madurecido por dentro. Cando falaba, cando rachaba a falar era unha fervenza. Sí e mudicia, era un apoio. Un bó arrimo.

Cásque sempre estaba ausente, alá nas súas navegacións. Escribía moito e pubricaba pouco, pouquísmo. Carteábase con todo o mundo. Era de cativeira saúde. Aos vinte anos xa a tuberculosis pulmonar o tiña agadoupado.

Tiven unha estrana sensación de aillamento, de home incommunicado. Un rapaz medio poeta e medio mariñeiro. ¿Como compartir cos meus compañeiros de estudos, e menos cos berlineses, a vivencia do que Manoel-Antonio siñificaba para mí?. Desbordada soedade, Silencio dorido. Nunha lembranza entrañable:

"Fumos quedando sós
o Mar, o barco e más nós"

E o xogo das xeneracións prosiguiu o seu ritmo. Outras novos. Outras sazóns. Outras boas sazóns. Outras malas sazóns. O seu puro lirismo, a arrobatada eisixencia moral que tanto nos imponía. E había que facelo, pois agora eu non estaba soio, nin tan desamparado. Eran os mesmos, os mesmiños que eu sentira cando paseaba abraiado polas desertas rúas composteláns, apalpando no fondo do peto a carta de Dieste.

Máis a vida sempre paga e sempre cobra. A nai da Manoel Antonio fixome entrega de tódolos papéis do fillo. Un tesouro, unha regalia. Velequí a tés, amigo leitor, nunha primeira entrega; a obra poética.

PERFIL BIOGRAFICO

Manoel-Antonio Pérez Sánchez nacéu en Rianxo o doce do mes de xullo ás seis do serán, do ano 1900.

Tres son os aspeitos nos que se move a sua andadura vital xuvenil:

1.- O inicial xaimismo.- Manoel-Antonio, nos comenzaos da primeira Guerra Mundial, amostróuse partidario do tradicionalismo. Leía todo canto lle permitía documentarse sobre dos dereitos de D. Xaime á coroa de España.

2.- Afuxida a Francia.- Acontecía isto o 31 de Xaneiro do 1918. Cando se atopaba a voltas con istas pescudas sorprendéuno un guardia civil. Parece ser que xa estaba a punto de poñer os pés na outra banda. O da benemérita detívoo e perguntéolle de ónde era e qué documentación tiña. Respostou Manoel-Antonio que el era galego e poeta, e que toda a súa documentación se reducía a unhas cantas poesías e algunas cartas. O guardia civil pidiulle a carpeta que leva ba consigo e viu que entre os poemas e as cartas había unha do Vicecónsul francés da Cruña na que se falaba con

simpatía da arela de Manoel-Antonio de pasar ao país veciño-
(Irónica resposta que contrapón a sua identidade e a sua-
esencia -o que define unha persoalidade- á anodina identida-
de do carmén)

3.- O descubrimento da realidade de Galicia. Descobre a
súa terra e a maravilla tremecente da paisaxe (non en vano o
paisaxe é tamén cultura). A sua inaugural decisión é a de de-
fender as língoas: falándoas i escribindoas.

A carreira de piloto non a abandoa. Aproba tres asinatu-
ras na convocatoria de Setembro do 1920, e o 30 de Xaneiro -
de 1923 despáchase a correspondente certificación académica-
pola que se fai constar que Manoel-Antonio Pérez Sánchez ten
aprobados os tres anos de estudos pra aspirante a Piloto da-
ariña Mercante (por eso Carballo Calero denominou "poeta do
mar").

É entón cando entabla amistade epistolar con Antón Vi-
lar Ponte. A correspondencia con Risco tornase más frecuen-
te. Consulta sobor dos "derradeiros ismos, futurismo, cubis-
mo, ultraísmo, unanimismo, dadaísmo, imaxinismo, etc."

ANTROPOLOXÍA DUN XOVEN POETA RURAL

Quixera agora trasladar ao papel o fundamento do bulto
humán, o fundamento do pálpito dos seus ditos, da seguranza
da súa ollada, do sosiego dos seus longos silencios, das sus-
gargalladas, que foi Manoel Antonio; Había algo en él atracín-
te, misterioso, que o delataba, por esencia, como poeta.

Pro o curioso é que iste poeta esencial estaba dobrado
por un home de aición, por un orgaizador, por un rebelde,
por un protestario aitivo. Era, poi, home de compromisos.
Era poeta, ao mesmo tempo, sin ataduras.

Iste dualismo:

Hai poetas-furóns, e hai poetas-reiseñores. Os poe-

tas-furóns son os poetas metafísicos. Os poetas-reischiñores son os poetas vitáis.

Iste non é un furador, senón un apropiador, un poseedor, un apertador. Vai fornicular co mundo, e non a alucar - pra as súas desnorteadoras fontenlas. Pois o que a ele o move non é unha inquedanza transecendente: é un pulo concreto, o pulo vital. O pulo do home que precisa, por necesidade da vida que leva de si, trabar ca vida que está por fora de si. A vida, porvtanto, non necesita espricación, nin transcendencia algunha. Ela é a súa propia transcendencia. O senso da vida é a vida mesma.

Manoel-Antonio era un poeta dista caste. Era un poeta vital. Unha tola gaivota a dar ledas reviravoltas sobor do lombo da mar.

Manoel-Antonio era o colmo da sinceridade. Na vida en na obra. De ahí que siga espertando á xente e que a obrige a agardar "como unha resposta". E de ahí que a sua voz xanon pareza "como unha resposta". Porque era unha voz seria e honesta. A caste de voz que pode dar contesta a tantas cavilacións. A caste de voz que nós entendemos.



Por Manuel María.

Aquela estrela namorada
que penduraba

das constelações
e asesinaba os vidros
de tódalas fiestras
foi a que se afogou
no mar de Rianxo
cursando radiogramas
as carpazas

da Terra Chá
acesas de silencios
trasparentes e puros
que agachan
o seu centileo detrás
dos valados labercas

O ceo é un mar
no que andan
os peixes ó revés
berrando
os seus versos descosidos
fermosos e poéticos
como repolos de Betanzos

Agora sempre más alá
os emigrantes afogados
na percura
do luceiro da sorte
que non alumia

nin marca

H
O
M
A
X
E

M
A
N
O
E
L
A
N
T
O
N
O

o País do Retorno

M

A

A

N

N

T

O

O

E

N

L

I

A nosa fala acoitelada
contra o horizonte


está escoando
invernos de espranza

O poeta morrera dunha
enchente de saudade


O alén non é mais
que un veleiro ancorado
no noso corazón dubitativo.

Monforte de Lemos,

abril, 1979



17 Mayo



PEDRO MENDOZA

Igualas 3 gallozas